<i>IRPF (miles euros)</i>	xan-xuño 2017	xan-xuño 2016	Var. %
<b>Galicia</b>	977.978	975.414	0,3
<b>Total Delegacións</b>	30.448.460	29.390.222	3,6

Fonte: Axencia Tributaria

A táboa 1, indica que mentres que a recadación do IRPF para Galicia no período xaneiro-xuño 2017 foi de 977,9 millóns, incrementándose lixeiramente nun 0,3%

con respecto ao mesmo período do ano anterior, no total das delegacións a recadación ascendeu a 30.448,4 millóns, un 3,6% mais.

**Táboa 2: Recadación total xaneiro-xuño 2017/2016 do IVE .**

<i>IVE (miles euros)</i>	<b>xan-xuño 2017</b>	<b>xan-xuño 2016</b>	<b>Var. %</b>
<b>Galicia</b>	1.156.502	1.156.756	0
<b>Total</b>	33.845.690	31.272.173	8,2
<b>Delegacións</b>			

Fonte: Axencia Tributaria

Por outra banda, a táboa 2 indícanos a diferenza de recadación no IVE en Galicia e no total das delegacións. Deste xeito, mentres a recadación do IVE en Galicia resultou ser practicamente a mesma que no mesmo período do ano 2016, no conxunto das delegacións, tal recadación aumentou nun 8,2%, pasando de 31.272 millóns a 33.845,6 millóns de euros.

Finalmente a táboa 3, pon de manifesto unha situación moi preocupante do sistema fiscal galego. O punto clave é que mentres o conxunto das delegacións aumenta a súa recadación total nun 9,2%, Galicia resulta ser a única Comunidade Autónoma do réxime común, que experimenta un descenso da recadación total con respecto ao mesmo período do ano 2016, caendo nun 0,8%.

**Táboa 3: Recadación total por CCAA xaneiro-xuño 2017/2016.**

<i>Total (miles euros)</i>	<b>xan-xuño 2017</b>	<b>xan-xuño 2016</b>	<b>Var. %</b>
<b>Andalucía</b>	4.945.029	4.431.662	11,6
<b>Aragón</b>	1.629.366	1.419.763	14,8
<b>Asturias</b>	1.048.285	923.627	13,5
<b>Baleares</b>	1.316.449	1.188.684	10,7
<b>Canarias</b>	980.190	841.181	16,5
<b>Cantabria</b>	1.362.325	607.694	124,2
<b>Castela León</b>	1.212.883	1.028.439	17,9
<b>Castela a Mancha</b>	1.492.250	1.404.031	6,3
<b>Cataluña</b>	16.503.598	15.619.900	5,7
<b>Extremadura</b>	545.378	502.728	8,5
<b><i>Galicia</i></b>	<b>2.308.034</b>	<b>2.327.249</b>	<b>-0,8</b>
<b>Madrid</b>	39.953.530	37.155.220	7,5
<b>Murcia</b>	833.762	793.221	5,1
<b>A Rioxa</b>	326.961	297.943	9,7
<b>Valencia</b>	5.052.071	4.815.935	4,9
<b><i>Total Delegacións</i></b>	<b>81.138.179</b>	<b>74.321.809</b>	<b>9,2</b>

Fonte: Axencia Tributaria.

Tendo en conta o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea realiza as seguintes cuestións:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da evolución que experimenta a recadación do IRPF na nosa Comunidade con respecto ao total das Delegacións?
2. Que valoración fai a Xunta de Galicia da evolución que experimenta a recadación do IVE na nosa Comunidade con respecto ao total das Delegacións?



3. Como é posible, segundo a Xunta, de que Galicia sexa a única Comunidade Autónoma onde se produce unha caída da recadación total con respecto ao mesmo período do ano 2016?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 05/09/2017 13:03:33**

## Á Mesa do Parlamento

Carlos E. López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Diego Calvo Pouso, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.**

O sector marisqueiro ten un peso socioeconómico moi importante en moitas zonas do noso litoral xa que é unha actividade que da emprego a moitos homes e especialmente a moitas mulleres da nosa costa.

O permiso de explotación é requisito fundamental para poder exercer esta actividade con todas as garantías. Sabemos que as prazas sempre se convocan despois de comprobar a súa viabilidade nos informes técnicos e sempre tendo en conta a compatibilidade e sustentabilidade dos recursos e os criterios socioeconómicos.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes cuestións:

1. Cantos novos PERMEX foron convocados para este 2017?
2. Que valoración fai o Goberno galego da evolución do número de permisos de explotación marisqueira con respecto ao ano pasado?

Santiago de Compostela, 5 setembro de 2.017

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos Enrique López Crespo na data 05/09/2017 12:39:58**

**Teresa Egerique Mosquera na data 05/09/2017 12:41:26**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 05/09/2017 12:41:40**

**Marta Rodriguez Arias na data 05/09/2017 12:41:48**

**Alberto Pazos Couñago na data 05/09/2017 12:42:09**

**Diego Calvo Pouso na data 05/09/2017 12:42:32**

**María Soraya Salorio Porral na data 05/09/2017 12:42:49**

**Daniel Vega Pérez na data 05/09/2017 12:42:59**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Manuel Lago Peñas e Antón Sánchez García**, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na comisión 3ª**.

Os datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA) que publica o Instituto Nacional de Estadística (INE), referida ao segundo trimestre de 2017, permite realizar un balance da evolución do mercado de traballo en Galicia nas dúas últimas lexislaturas.

Para evitar as distorsións que a elevada estacionalidade que ten o ciclo económico e o emprego en Galicia hai que comparar trimestres similares. Neste caso, o segundo trimestre de 2017, o último dispoñible, co mesmo trimestre de 2009, que reflicte a situación do mercado de traballo que se atopou o goberno que gañou as eleccións de marzo de 2009.

A comparación entre ambas datas demostra que a evolución das variables do mercado de traballo ao longo destes 8 anos foi a peor en todos os casos, isto é, no volume de emprego, no desemprego, na calidade do emprego, na poboación activa ou calquera outra variable relevante.

Aínda máis, unha análise comparada dos datos de Galicia coa media do Estado demostra que a evolución do mercado de traballo no noso país é moito peor que a media: perdemos máis emprego, aumentou máis o desemprego ou a poboación activa reduciuse máis.

Unha situación que presenta un balance aínda peor cando os termos da comparación se traslada ao resto das comunidades autónomas que compoñen o Estado español, porque se demostra que a evolución do mercado de traballo no



noso país é a peor das 17 CCAA: somos a que máis emprego perde, a segunda na que máis aumenta o paro, a que máis poboación activa perde.

Polo anterior preséntase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Como pode explicar a Xunta que Galicia sexa a Comunidade Autónoma con peor evolución do mercado de traballo entre as 17 que conforman o Estado dende 2009 a 2017?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas,

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 05/09/2017 13:51:30**

**Antón Sánchez García na data 05/09/2017 13:51:53**



## **Á Mesa do Parlamento**

Carlos E. López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Diego Calvo Pouso, Marian García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.**

Galicia vén experimentando nos últimos anos un constante incremento da actividade comercial e na recepción de tránsitos náuticos, especialmente despois de uns anos complicados con motivo da crise económica.

Sabemos que a xestión do ente público Portos de Galicia durante os últimos exercicios sufriu unha importante transformación buscando a compatibilidade entre a máxima rendibilidade económica do organismo e a atención de calidade ás necesidades do sector marítimo portuario.

O ano 2016 foi particularmente bo para o sector pesqueiro e sabemos que as lonxas da nosa Comunidade Autónoma bateron todos os récord de facturación no que se refire á primeira venda. A verdade é que as lonxas da nosa comunidade levan experimentando uns datos moi positivos nas últimas anualidades. No tinxinte ao tráfico comercial, resulta fundamental analizar os datos dos movementos nesta anualidade, porque ademais son a proba acreditativa do crecemento da actividade económica.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presentan a seguinte **Pregunta Oral en Comisión:**

-Que balance fai Portos de Galicia do número de tráxicos de mercadorías rexistrados nos 122 peiraos de titularidade autonómica entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2016?

Santiago de Compostela, 5 de Setembro de 2.017

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos Enrique López Crespo na data 05/09/2017 16:33:10**

**Teresa Egerique Mosquera na data 05/09/2017 16:33:25**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 05/09/2017 16:33:40**

**Alberto Pazos Couñago na data 05/09/2017 16:33:48**

**Diego Calvo Pouso na data 05/09/2017 16:34:02**

**Marta Rodriguez Arias na data 05/09/2017 16:34:14**

**María Soraya Salorio Porral na data 05/09/2017 16:34:36**

**Daniel Vega Pérez na data 05/09/2017 16:34:50**

## Á Mesa do Parlamento

Carlos E. López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Diego Calvo Pouso, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.**

Dende hai varios anos estase a percibir na sociedade galega unha fonda preocupación polo escaso interese que os nenos e nenas da nosa comunidade demostran polo consumo de peixe.

A Consellería do Mar, consciente desa realidade, deseñou unha serie de actuacións que perseguen o establecemento de medidas que faciliten o coñecemento e consumo de produtos do mar, co dobre obxectivo de incidir e equilibrar as dietas alimenticias, fundamentalmente nas idades infantil e xuvenil, así como valorizar e fomentar os produtos da pesca de Galicia.

Concretamente, coñecemos que nos últimos anos se veñen desenvolvendo unha serie de campañas de promoción que se realizan no ámbito escolar.

Por unha banda, “O sabor da aventura está no mar” naceu en 2010 e tiña por obxectivo a realización de obradoiros itinerantes e excursións para o fomento do consumo de produtos frescos da pesca e da acuicultura nos campamentos xuvenís, centros escolares e actividades culturais.

Por outra banda, a campaña “Ponlle as pilas ao teu bocata” pon de relevo unha das múltiples virtudes das conservas de produtos do mar a través dun aula itinerante nos colexios públicos da nosa Comunidade.

E, por último, sabemos que existe unha campaña “Do Mar ao prato” que iniciou a súa andaina en 2016 no que se busca o compromiso dos profesionais da hostalería co produto galego.

Polo exposto, os deputados e deputadas abaixo asinantes, formulan as seguintes Preguntas Oraís en Comisión:

1. Que balance fai a Consellería do Mar das campañas para o fomento do consumo de peixes e mariscos?
2. A cantos alumnos ten chegado cada unha das campañas promovidas por este departamento?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2.017

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos Enrique López Crespo na data 05/09/2017 16:42:59**

**Teresa Egerique Mosquera na data 05/09/2017 16:43:10**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 05/09/2017 16:43:28**

**Alberto Pazos Couñago na data 05/09/2017 16:43:37**

**Diego Calvo Pouso na data 05/09/2017 16:44:05**

**Marta Rodriguez Arias na data 05/09/2017 16:44:14**

**María Soraya Salorio Porral na data 05/09/2017 16:44:26**

**Daniel Vega Pérez na data 05/09/2017 16:44:38**

## Á Mesa do Parlamento

Carlos E. López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Diego Calvo Pouso, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

A Consellería do Mar desenvolveu ao longo dos últimos anos un gran esforzo inversor en actuacións de construción e mellora de infraestruturas portuarias vinculadas á pesca, así como do subministro de equipos que permitiron mellorar a comercialización a través da conservación das descargas, da súa trazabilidade ou da selección e etiquetaxe.

Estas actuacións foron posibles, en parte, gracias ao Fondo Europeo de Pesca, dentro do Programa Operativo aprobado para Galicia, a través da medida 3.3., destinada a portos de pesca, lugares de desembarque e fondeadoiros, dentro do Eixe 3, de medidas de interese público.

Gracias a este impulso, atendéronse a meirande parte das necesidades e demandas do propio sector, nun período ademais complicado para os investimentos, polo tanto agradecemos dobremente ese traballo.

Hai que destacar a mellora ou a nova construción de lonxas e instalacións auxiliares nos peiraos co obxecto de mellorar as condicións de traballo dos profesionais do mar que desenvolven a súa actividade diariamente nestes espazos, sobre todo no relativo á comercialización, á trazabilidade e á seguridade alimentaria, entre outros aspectos.

Polo exposto, os deputados e deputadas abaixo asinantes, formulan as seguintes Preguntas Oraís en Comisión:

1. Que balance fai a Consellería do Mar deste esforzo inversor acometido nos últimos anos polo ente público Portos de Galicia?
2. Cales foron os principais investimentos, desagregados por obras, subministros, servizos e convenios?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2.017

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos Enrique López Crespo na data 05/09/2017 16:51:55**

**Teresa Egerique Mosquera na data 05/09/2017 16:52:13**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 05/09/2017 16:52:26**

**Alberto Pazos Couñago na data 05/09/2017 16:52:33**

**Marta Rodriguez Arias na data 05/09/2017 16:52:57**

**Diego Calvo Pouso na data 05/09/2017 16:53:11**

**María Soraya Salorio Porral na data 05/09/2017 16:53:36**

**Daniel Vega Pérez na data 05/09/2017 16:53:59**

## Á Mesa do Parlamento

Carlos E. López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Diego Calvo Pouso, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

A Conselleira do Mar, acompañado polo Presidente do ente público Portos de Galicia, visitaban o pasado mes de xuño as instalacións portuarias da localidade boirense de Cabo de Cruz.

Con esta visita dábase inicio ás obras de construción de novos pantaláns para embarcacións pesqueiras que, a bo seguro, serán positivas para o sector profesional deste porto, xa que axudarán a mellorar a seguridade e a operatividade neste peirao.

Agradecemos o esforzo inversor deste departamento que con esta medida dá resposta a unha demanda do sector da que poderá beneficiarse a partir de finais de ano.

Polo exposto, os deputados e deputadas abaixo asinantes, formulan as seguintes Preguntas Oraís en Comisión:

1. En que consisten concretamente as obras iniciadas nas instalacións portuarias de Cabo de Cruz a principios do verán?
2. En que beneficiarán estas melloras para o sector profesional da zona?

Santiago de Compostela, 5 setembro de 2.017

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos Enrique López Crespo na data 05/09/2017 17:07:23**

**Teresa Egerique Mosquera na data 05/09/2017 17:07:36**

**María Ángeles García Míguez na data 05/09/2017 17:07:57**

**Alberto Pazos Couñago na data 05/09/2017 17:08:05**

**Diego Calvo Pouso na data 05/09/2017 17:08:18**

**Marta Rodriguez Arias na data 05/09/2017 17:08:32**

**María Soraya Salorio Porral na data 05/09/2017 17:08:48**

**Daniel Vega Pérez na data 05/09/2017 17:08:56**



## Á Mesa do Parlamento

Carlos E. López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Diego Calvo Pouso, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

O pasado 30 de agosto a Conselleira do Mar, acompañado polo presidente do ente público Portos de Galicia visitaban o porto de Fisterra para coñecer de primeira man as obras iniciadas a comezos de verán e que se prolongarán ata primeiros do ano 2018. Investir en mellorar a seguridade nos portos é algo fundamental como tamén o é dar servizo aos profesionais do mar, pois a pesca é un dos piares económicos de localidades coma Fisterra.

Neste caso, a necesidade dun contradique responde a unha vella demanda do sector e que foi consensuado co pleno da Confraría, tal e como recoñeceu o seu Patrón Maior.

Polo exposto, os deputados e deputadas abaixo asinantes, formulan as seguintes Preguntas Oraís en Comisión:

1. En que consisten concretamente as obras iniciadas no Porto de Fisterra a principios do verán?
2. En que beneficiarán estas melloras para o sector profesional da zona?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos Enrique López Crespo na data 05/09/2017 17:03:55**

**Teresa Egerique Mosquera na data 05/09/2017 17:04:10**

**Alberto Pazos Couñago na data 05/09/2017 17:04:40**

**Diego Calvo Pouso na data 05/09/2017 17:04:55**

**Marta Rodriguez Arias na data 05/09/2017 17:05:04**

**María Soraya Salorio Porral na data 05/09/2017 17:05:18**

**Daniel Vega Pérez na data 05/09/2017 17:05:26**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 05/09/2017 17:05:57**

## Á Mesa do Parlamento

Carlos E. López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Diego Calvo Pouso, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

O porto de San Tomé vén de mellorar considerablemente as súas instalacións logo de que Portos de Galicia acometese nos últimos meses a construción de novos pantaláns pesqueiros co obxectivo de ampliar a oferta de amarres.

O pasado 31 de agosto a Conselleira do Mar, acompañado polo presidente do ente público Portos de Galicia visitaban de primeira man as obras na zona portuaria destinada para embarcacións de terceira lista.

Agradecemos o esforzo inversor deste departamento que con esta medida dá resposta a unha demanda do sector da que poderá beneficiarse a partir de finais de ano.

Polo exposto, os deputados e deputadas abaixo asinantes, formulan as seguintes Preguntas Oraís en Comisión:

1. En que consistiron concretamente estas obras que se veñen de rematar no Porto de San Tomé no Concello de Cambados?
2. En que beneficiarán estas melloras para o sector profesional da zona?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos Enrique López Crespo na data 05/09/2017 17:00:58**

**Teresa Egerique Mosquera na data 05/09/2017 17:01:13**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

**María Ángeles Garcia Míguez na data 05/09/2017 17:01:31**

**Alberto Pazos Couñago na data 05/09/2017 17:01:41**

**Diego Calvo Pouso na data 05/09/2017 17:01:52**

**Marta Rodriguez Arias na data 05/09/2017 17:02:13**

**María Soraya Salorio Porral na data 05/09/2017 17:02:31**

**Daniel Vega Pérez na data 05/09/2017 17:02:38**

## Á Mesa do Parlamento

Carlos E. López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Diego Calvo Pouso, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.**

A trazabilidade nos produtos pesqueiros consiste na capacidade para coñecer o percorrido dun determinado produto pesqueiro dende a súa captura ou recollida ata que chega ao consumidor.

Este proceso é fundamental porque son produtos destinados ao consumo humano e deben asegurar a protección da saúde, deben conter unha ampla información sobre toda a cadea de comercialización, incluíndo ao consumidor e aos diferentes axentes da comercialización pesqueira e, por outra banda, tamén deben axudar a equilibrar a xestión dos recursos e á elaboración de estatísticas fiables.

Na actualidade, existe unha normativa moi detallada que debe aplicarse para o seguimento ou rastrexo dun produto, tanto a nivel autonómico, como estatal e europeo, con regulamentos de seguridade alimentaria, de normas de hixiene de orixe animal, de medidas de control no ámbito da PCP, entre outras.

Para exercer esta trazabilidade utilízanse uns documentos telemáticos, xestionados a través da Plataforma Tecnolóxica da Pesca ([www.pescadegalicia.com](http://www.pescadegalicia.com)) e por medio dos terminais TICPESC existentes en cada un dos portos de titularidade autonómica, e que a Consellería do Mar pon a disposición do sector. Non debemos esquecer que Galicia é punteira a nivel europeo en desenvolver este sistema, e que países como Turquía, ás portas da UE, se teñen fixado no xeito en que traballamos para acadar esta trazabilidade.

Polo exposto, os deputados e deputadas abaixo asinantes, formulan as seguintes Preguntas Oraís en Comisión:

1. Cal é o balance que fai a Consellería do Mar da utilización dun método punteiro a nivel europeo, a través da Plataforma Tecnolóxica da Pesca e por medios dos terminais TICPESC para trazabilidade ?
2. Que datos manexa a Plataforma Tecnolóxica da Pesca e para qué poden ser útiles?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2.017

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos Enrique López Crespo na data 05/09/2017 17:21:20**

**Teresa Egerique Mosquera na data 05/09/2017 17:21:56**

**María Ángeles García Míguez na data 05/09/2017 17:22:14**

**Alberto Pazos Couñago na data 05/09/2017 17:22:22**

**Diego Calvo Pouso na data 05/09/2017 17:22:35**

**María Soraya Salorio Porral na data 05/09/2017 17:22:48**

**Marta Rodríguez Arias na data 05/09/2017 17:22:59**

**Daniel Vega Pérez na data 05/09/2017 17:23:11**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>**.

Son numerosas as denuncias dos profesionais do Centro de Saúde da Laracha en relación á situación que viven na atención as persoas que se atopan no Fogar Residencial “Avós Felices”, de carácter privado e con ánimo de lucro.

Este Fogar Residencial, demanda de forma continuada coidados e asistencia sanitaria tanto de forma programada, a demanda, como de forma urxente, que é atendida de xeito exclusivo polo persoal sanitario do SERGAS que traballa no Centro de Saúde de Laracha. Esta asistencia sanitaria é esixida sempre a nivel domiciliario independentemente da situación do usuario do centro. Entre as demandas sanitarias das que se ten que ocupar o persoal, atópanse tarefas como a realización do control de INR, extracción de sangue para análise e recolleita de mostras de ouriños, realización de cambios de sondaxe vesical permanente, realización de curas de úlceras e feridas, colocación de vías intravenosas e administración de medicación endovenosa, campañas de vacinación antigripal...

Segundo consta no Rexistro único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, o Fogar Residencial conta cunha ATS/DUE contratada por 30h/mes. Sen embargo, non se están asumindo ningunha das tarefas de enfermería mencionadas xa que, segundo manifestou o director deste fogar residencial, a lei non lle impón a obriga de facelo.

Ademais do continuo abuso do sistema público de saúde por parte da dirección deste Fogar, estanse a producir unha serie de situación que constitúe unha mala



praxe asistencial, que vai dende a falta de prevención e coidados de úlceras por presión, a prevención de caídas e o manexo de pacientes portadores de enfermidades contaxiosas. Estas situación foron postas en coñecemento, tanto do Servizo de Inspección de Maiores, Discapacidade e Dependencia como ao Servizo de Inspección Sanitaria, que segundo información recibida polos profesionais na contestación do Servizo de Inspección de menores, non se atopaban incidencias rexistradas, o que resulta totalmente contraditorio tendo en conta a información clínica rexistrada no IANUS do SERGAS, tanto por parte do Centro de Saúde como por parte do CHUAC.

Tras levar este tema a debate en Comisión, o Director do SERGAS informou dun procedemento sancionador aberto a este fogar residencial

Por todo o anterior, e ante a falta de resposta a este problema por parte dos organismos oficiais, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa reposta oral en Comisión:

- 1.<sup>a</sup>) Que denuncias lle constan a Consellería en relación con este tema ou outros de similares características?
- 2.<sup>a</sup>) Foi comprobada pola Consellería ou o Servizo de Inspección a veracidade da información publicitaria da web deste Fogar Residencial?
- 3.<sup>a</sup>) Como é posible que a lexislación actual permita abrir e dirixir este tipo de residencias con persoal sen formación sanitaria, producíndoo un abuso do sistema público de saúde?
- 4.<sup>a</sup>) Ten pensado a Consellería levar a cabo algún tipo de actuación en relación a este asunto?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2017.





Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 05/09/2017 18:04:29**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa reposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>**.

O V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, estipula no seu capítulo X relativo á seguridade e hixiene no traballo, concretamente no artigo 40, o seguinte: “A Xunta de Galicia facilitaralle roupa de traballo e calzado profesional homologado e de uso obrigatorio a todo o persoal ao seu servizo cando as condicións e a natureza do traballo o requiran, tal e como se establece no acordo entre a Administración e o Comité Intercentros do 29 de 2000, coas modificacións introducidas no seu anexo I polos acordos da Comisión Paritaria do IV convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia de datas 3 de xullo de 2003, 10 de maio de 2004 e 18 de abril de 2005 (anexo V).

Con todo, existen denuncias rexistradas por parte do Comité de Empresa de Política Social de Coruña, no que denuncia o incumprimento por parte da Xunta na entrega de roupa de traballo e calzado profesional e homologado correspondente ao ano 2016, o que pon en risco ao persoal que traballo nos centros de política social. Categorías profesionais que desenvolven as súas actividades en cociñas, lavanderías, almacéns... Así como o resto de profesionais auxiliares ou enfermeiras/os que traballan en atención directa con persoas maiores e con persoas con discapacidades.



Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) Por que a Xunta de Galicia non cumpre coa legalidade vixente contemplada no V Convenio Colectivo proporcionando ao persoal a roupa e calzado de traballo homologado que por dereito lle corresponde?

2.ª) Cando ten pensando a Xunta de Galicia facer entrega de dito material?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 05/09/2017 16:36:59**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Fai varios anos que se iniciaron as obras na Residencia de Maiores de Caranza, obras caracterizadas por unha pésima xestión que dende o seu inicio partiron dun proxecto fallido, que as mantivo paralizadas coa consecuencia dunha merma das prazas públicas así como os custos de derivación á privada.

Con todo, a día de hoxe, as plantas aínda seguen sen abrir e moitas das prazas da residencia sen cubrir. Cun total de 191 prazas, só están cubertas 96, unha situación intolerable xa que levan case catro anos sen recibir ingresos, todo isto tendo en conta a demanda e a lista de espera para os centros residenciais de maiores en Galicia.

A maiores das dúas plantas que aínda están pechadas polas obras iniciadas dende fai anos, a residencia de Caranza conta con deficiencias estruturais que son froito da antigüidade do edificio e que provocan que existan habitacións pechadas por problemas con goteiras e humidades. Ademais, os problemas estruturais chegan tamén ao propio chan do centro que si ben nun momento inicial estaba previsto na obra, ao final os arranxos non se levaron a cabo, presentando actualmente graves deficiencias.

Sumando as necesidades de obras estruturais a maiores das xa realizadas, a residencia adoce das mesmas deficiencias que outras de similares características, como por exemplo a de Oleiros, en relación á falta de persoal.



Tanto o persoal do centro como o Comité de Políticas Sociais de Coruña, denuncian a falta de persoal e a falta de cobertura nas baixas e nas vacacións.

Actualmente, só contan cun fisioterapeuta e un monitor de tempo libre para atender a todas as persoas residentes, xa que a praza de terapeuta ocupacional que está habilitada, atópase sen cubrir. Todo isto, nunha residencia que se caracteriza por atender a persoas dependentes con mobilidade reducida.

A residencia, conta tamén co mesmo problema que outras en relación aos ingresos de persoas con patoloxías psíquicas que están a ser ingresadas en residencias de estas características co peche dos antigos psiquiátricos. Residencias que non contan cos protocolos e co persoal axeitado. Ao igual que Oleiros, a residencia de Caranza tampouco conta con psicólogo/a.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.<sup>a</sup>) Cando ten pensado a Xunta de Galicia abrir as plantas pechadas polas obras?
- 2.<sup>a</sup>) Cando van a realizarse o resto de obras pendentes no edificio?
- 3.<sup>a</sup>) Ten pensado a Xunta de Galicia cubrir as demandas de persoal do Centro?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.



**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 05/09/2017 16:36:17**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>**, relacionada coa funcionarización obrigatoria do persoal laboral temporal.

O artigo 12 do Título II da Lei de medidas Fiscais, Administrativas e de Ordenación que acompaña aos orzamentos de 2017, engade unha disposición transitoria primeira bis á Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia coa finalidade de regular os postos do persoal laboral temporal que desempeñan postos de traballo de persoal funcionario.

A redacción do artigo, que nace sen ningún tipo de negociación ou diálogo, amosa moitas dúbidas que fan pensar na perda de dereitos laborais e retributivos por parte do persoal laboral temporal que se ve obrigado a dita funcionarización así como a propia posibilidade de perda do posto de traballado en algún caso.

As sospeitas pola perda de dereitos das traballadoras e traballadores afectados por dito artigo, se concretan na redacción do propio artigo, como por exemplo o punto 2 coa seguinte frase: *“suporá a novación da relación xurídica existente coa administración, sen solución de continuidade na prestación dos servizos, e a transformación daquela nun vínculo xurídico de natureza funcional interina”*. Ou tamén no punto 3 cando di: *“Nos casos nos que o persoal interesado non aceptase o nomeamento interino previsto no apartado anterior, ou este non fose procedente de acordo co nel indicado, e en orde ao cumprimento dos principios establecidos neste, a administración procederá a efectuar os trámites legais tendentes á extinción da relación laboral”*



O persoal nesta situación dependente da Consellería de Política Social xa se ten manifestado en varias ocasións solicitando a supresión de dito artigo, a constitución dunha mesa de negociación e a convocatoria duna OPE.

Por todo o anterior En Marea presenta as seguintes preguntas:

- En que situación quedan os dereitos laborais e retributivos adquiridos polo persoal laboral temporal que sufra a novación do contrato?
- Que sucede si o persoal non está disposto a aceptar a novación?
- Teñen pensado convocar unha Mesa de diálogo coas representantes sindicais?
- Teñen pensado facer convocatoria de Oferta Pública de Emprego?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 05/09/2017 18:05:45**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>**

A Residencia Asistida de Maiores de Oleiros é a máis grande de toda a Provincia de Coruña e a que conta con maior número de residentes, chegando case aos 300. Con todo, é a que menos persoal de atención directa ten, tendo en conta os datos anteriores.

Esta deficiencia grave de persoal está provocando un aumento alarmante nas baixas por sobreesforzo, coa consecuencia de que as baixas non se están a cubrir debido á excesiva carga de traballo e as condicións nas que se ten que desenvolver o mesmo.

Son varios os exemplos que ilustran esta situación:

- Na quenda da noite, cada unidade conta coa presenza dunha soa auxiliar que ten que atender a un total de 44 usuarias/os con cambios posturais.
- Na lavandería o problema é similar, sendo oito persoas as que traballan na quenda de día e reducíndose a unha soa na quenda de tarde.
- O centro conta so cunha persoa de terapia ocupacional e unha animadora que teñen que atender diariamente a unha media de 150 residentes que asisten a este tipo de actividades.
- As case 300 persoas residentes contan só con dúas fisioterapeutas.
- Non existe psicólogo/a no centro.
- O psiquiatra visita tan só 6 horas ao mes.



En relación a falta de psicólogo/a e as poucas horas na que se dispón de psiquiatra, a situación empeora co ingreso de persoas con trastornos psíquicos procedentes dos hospitais psiquiátricos que están pechando. O propio director do centro reconece que este método non é o mais axeitado, ao carecer os centros de atención directa como a Residencia de Oleiros coas unidades e o persoal específico que se necesita para tratar a estas persoas.

En canto as deficiencias en instalación, o deterioro do chan está a influír no día a día do persoal e das persoas residentes, tratándose dun problema estrutural que é necesario solucionar ao supor un risco para o persoal como para as persoas usuarias das cales a maioría teñen mobilidade reducida.

Sobre as necesidades de material, faise necesario mercar dúas máquinas de lavado adecuadas para asumir o traballo diario que supera os 1000 quilos de roupa ao día, ademais de cambiar as camas antigas que dificultan de xeito impórtate o día a día do persoal do centro pola altura inadecuada das mesmas, así como a máquina de raios que xa ten máis de 20 anos i é unha máquina fixa que dificulta o seu uso nun centro cun elevadísimo nivel de dependencia.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.<sup>a</sup>) Cando ten pensado a Xunta de Galicia atender as demandas existentes na Residencia de maiores de Oleiros?
- 2.<sup>a</sup>) Por que non se están a cubrir as baixas?
- 3.<sup>a</sup>) Considera a Xunta de Galicia que as ratios de persoal están axustadas as características da residencia?
- 4.<sup>a</sup>) Considera a Consellería que está actuando de xeito dilixente en canto as demandas de persoal ante o aumento de baixas por sobreexceso?



5.ª) Como valora a Consellería de Políticas Sociais o ingreso neste tipo de centros de persoas con trastornos psíquicos procedentes dos hospitais psiquiátricos?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G. P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 05/09/2017 16:37:44**

## Á Mesa do Parlamento

Marian García Miguez, Teresa Egerique Mosquera, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeiras Broz, Gonzalo Trenor López, Diego calvo Pouso, Jacobo Moreira Ferro, Alberto Pazos Couñago, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

O Consorcio Casco Vello de Vigo foi nado en 2005 grazas ao impulso dun Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia e, máis concretamente, da Consellería de Política Territorial, da que nese momento era responsable D. Alberto Núñez Feijóo.

A petición da cidadanía, máis concretamente das persoas que vivían e viven na zona, era, e continúa a ser, a rehabilitación e a recuperación integral do casco histórico. Así pois, o labor do Consorcio é a ordenación urbana desa área, impulsando proxectos de arquitectura innovadora sempre mantendo os mimbres do chan onde se asentan.

Na actualidade, a responsabilidade de cambio é asumida polo Consorcio do Casco Vello de Vigo, integrado pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda, concretamente polo Instituto Galego de Vivenda e Solo nun 90%, e polo Concello de Vigo nun 10%. Trátase de inverter a tendencia de despoboación deste barrio degradado polo paso do tempo. A principal actuación é a rehabilitación de edificios para vivenda protexida, con prioridade en alugueiro, así como locais comerciais e edificios destinados a actividades administrativas.

Máis de trinta arquitectos/as participaron nos distintos proxectos desenvolvidos e moitos destes traballos tiveron recoñecementos locais: premios Gran de Area de Arquitectura e Premios APROIN; autonómicos: premio e accésit nos premios de Arquitectura e Rehabilitación de Galicia convocados pola Xunta; premio Colexio Oficial de Arquitectura de Galicia o mellor edificio de vivendas; e nacionais: premio na XII Bienal de Arquitectura. O empeño conxunto dos profesionais, do Consorcio do Casco Vello, dos emprendedores e de todas aquelas persoas e colectivos que participan son o mellor exemplo do bo resultado nun facer común.

Houbo un antes e un despois dende o traballo do Consorcio na cidade de Vigo. O dinamismo, a arquitectura de calidade, o impulso no comercio da zona, nos servizos, na hostalería, na oferta de ocio, na cultura, nas festas, na diversidade gastronómica e na mellora na calidade de vida da cidade son referencia nas actuacións levadas a cabo.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes **Preguntas Oraís en Comisión:**

1.-Cal é o balance de actuacións desenvolvidas polo Consorcio Casco Vello de Vigo desde a súa creación?

2.-Cantas vivendas e locais comerciais foron rehabilitados?

3.-Cales son as previsións de futuro que manexa o Consorcio para continuar coa súa actividade máis alá de 2017, cando remata o presente convenio entre Xunta de Galicia e Concello de Vigo?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2.017

**Asinado dixitalmente por:**

**María Ángeles García Míguez na data 05/09/2017 18:04:08**

**Teresa Egerique Mosquera na data 05/09/2017 18:04:18**

**Martín Fernández Prado na data 05/09/2017 18:04:29**

**Jaime Castiñeira Broz na data 05/09/2017 18:04:40**

**Gonzalo Trenor López na data 05/09/2017 18:04:49**

**Diego Calvo Pouso na data 05/09/2017 18:05:01**

**Jacobo Moreira Ferro na data 05/09/2017 18:05:22**

**Alberto Pazos Couñago na data 05/09/2017 18:05:35**

**Marta Novoa Iglesias na data 05/09/2017 18:05:55**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 05/09/2017 18:06:07**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 05/09/2017 18:06:36**

## A MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A Residencia Divina Pastora é un centro privado, autorizado dende o ano 2000 como residencia para persoas maiores. A residencia conta actualmente con 102 prazas, das cales 54 son concertadas pola Xunta de Galicia.

Nos últimos meses, está sendo obxecto de múltiples denuncias tanto por parte de usuarios como do persoal en relación as condicións precarias do mesmo, o que afecta de xeito directo ao coidado das persoas maiores que alí residen.

Segundo as denuncias das traballadoras, a dirección do centro incumpre de xeito flagrante a normativa laboral, negándose ao cumprimento do estipulado no Convenio Colectivo e mantendo unha situación de precariedade na súa plantilla que leva ao incumprimento das ratios establecidas en función do número de residentes do centro e tendo en conta os diferentes graos de dependencia de ditos residentes.

En relación aos residentes, existen denuncias de familiares, interpostas ante o servizo de Inspección de Maiores, Discapacidade e Dependencia, pola desatención dos usuarios, sobretudo aquelas persoas que teñen maior dependencia e necesitan de mais atención e coidados pola falta de autonomía. As persoas que visitan a usuarios e usuarias do centro, coinciden en sinalar a falta de persoal suficiente, que cada ano se vai reducindo, pero que debe atender ao mesmo número de persoas que antes, o que provoca que o persoal teña que redobrar os esforzos, pero que tamén empeora a atención, ao ser insuficiente.



Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- **Que información ten a Xunta de Galicia en relación aos problemas de precariedade do persoal da residencia?**
- **Que información ten a Xunta de Galicia en relación aos problemas na atención das e dos usuarios da residencia?**
- **Considera a Xunta axeitado o funcionamento da residencia?**

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 05/09/2017 18:03:49**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, en relación á recuperación da totalidade do V Convenio Colectivo.

A Lei 1/2012 de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, introduce a suspensión de preceptos contidos no V Convenio Colectivo Único para o Persoal Laboral da Xunta de Galicia.

A exposición de motivos da Lei, determina o seu carácter temporal, así como a necesidade de revisión das medidas previstas na mesma no prazo de dous anos dende a súa entrada en vigor.

Esta suspensión unilateral dos dereitos recollidos no articulado do V Convenio colectivo afecta de xeito moi grave no funcionamento dos servizos públicos e nas condicións laborais do persoal afectado, por exemplo, no que se refire á suspensión do artigo 19 en materia de descansos e libranzas. Esta suspensión do dereito ao descanso, non só afecta á propia conciliación da vida laboral e familiar, si non que tamén está directamente relacionada cun aumento dos accidentes de traballo que se concentran nunha ampla maioría na Consellería de Política Social a causa dos sobreesforzos.

No informe da Valedora do Pobo do 3 de outubro do 2016, que trae conta da queixa presentada por este tema, observa o seguinte: *“A Xunta de Galicia debería considerar (...) retomar o diálogo social a fin de recuperar acordos que permitan (coa gradualidade que esixa a contención do gasto) incluír, nos*





*sucesivos proxectos de presupostos previsións relativas aos compromisos de recuperación dos pactos iniciais...”*

Escoitamos continuamente ao goberno presumir de recuperación económica, así como do compromiso cos servizos públicos galegos, sen embargo estas declaracións non se traducen na recuperación dos dereitos suspendidos.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Cando pensa a Xunta recuperar a totalidade dos dereitos recollidos no V Convenio Colectivo Único?
- Cando pensa a Xunta retomar as negociacións coas organizacións sindicais en relación as categorías profesionais?
- Por que non se aplican as categorías do Convenio?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 05/09/2017 18:05:17**

## Á Mesa do Parlamento

María Julia Rodríguez Barreira, Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Jacobo Moreira Ferro, Diego Calvo Pouso, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trenor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna e Encarna Amigo Díaz ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

A Xunta de Galicia é titular dun importante número de estradas, que, non sendo titularidade do Estado ou doutros organismos, discorren polo territorio da Comunidade.

Un patrimonio viario que hai que conservar e preservar e que precisa dun importante esforzo investidor, toda vez que son miles os quilómetros de estradas galegas que precisan de conservación ordinaria para evitar o seu deterioro, pero tamén de actuacións extraordinarias de mellora dos seus elementos e da súa seguridade, e mesmo de actuacións puntuais que permitan a circulación en condicións óptimas.

Mais aló desas obras de carácter extraordinario e puntual, a conservación permanente das estradas non só permite que estean en bo estado para unha maior seguridade e mellor servizo aos usuarios, senón que, ademais, impide que se produza unha maior degradación das vías, que encarecería e dificultaría máis a súa reparación. O Plan de Reforzo de Firmes que se está a acometer dá boa conta da importancia desas tarefas de conservación.

Porén, os miles de quilómetros de estradas autonómicas que debe conservar a Xunta de Galicia, e o elevado custo anual por quilómetro da súa conservación, obriga a establecer unha orde de prioridades das actuacións.

O programa electoral co que o Partido Popular de Galicia acadou a confianza maioritaria dos galegos nas eleccións autonómicas de 2016 recollía un compromiso especialmente intenso, tanto en traballo como en investimento.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes Preguntas Oraís en Comisión:

1. Que actuacións desenvolve de xeito cotián a Xunta de Galicia en materia de conservación das estradas e cales son as súas prioridades de actuación?
2. Que balance pode facer o Goberno galego ao respecto do Plan de Reforzos de Firme ?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2.017

**Asinado dixitalmente por:**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 05/09/2017 18:31:08**

**Jaime Castiñeira Broz na data 05/09/2017 18:31:25**

**Martín Fernández Prado na data 05/09/2017 18:31:33**

**Jacobo Moreira Ferro na data 05/09/2017 18:31:50**

**Diego Calvo Pouso na data 05/09/2017 18:32:08**

**Marta Novoa Iglesias na data 05/09/2017 18:32:22**

**Gonzalo Trenor López na data 05/09/2017 18:32:33**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 05/09/2017 18:33:02**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 05/09/2017 18:33:13**

## Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trenor López, Diego Calvo Pouso, Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna, Julia Rodríguez Barreira e Antonio Mouriño Villar, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Na actualidade, o sector do taxi enfróntase a unha serie de ameazas que poñen a este colectivo en dificultades para seguir ofrecendo un importantísimo servizo público á sociedade. Estas ameazas xeran inquietude nun sector que achega un importante valor engadido nun territorio cunha poboación de asentamento disperso como é Galicia.

Para minimizar este impacto e para tratar de dar a mellor resposta posible de transporte aos cidadáns, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda vén mantendo reunións periódicas co colectivo do taxi e coas distintas asociacións que os representan de cara a consensuar con este e outros colectivos as distintas novidades normativas e o xeito de colaborar da mellor forma posible desde a Administración autonómica cos profesionais do sector.

O Goberno galego vén apoiando a modernización do sector do transporte de taxi en Galicia de diversos xeitos. Entre eles, de modo significativo, con axudas para a renovación da flota de vehículos en función de determinadas condicións de calidade.

O sector do taxi ten unha grande importancia no transporte de determinados colectivos, como pode ser a mobilidade da poboación no medio rural; as persoas maiores que non dispoñen de vehículo propio ou que xa non están en condicións de conducir por motivos de idade ou saúde; e, como non, o grupo de persoas con dificultades de mobilidade por estar afectadas por algunha diversidade funcional.

É por isto que o grupo de parlamentarios asinantes presentan a seguinte pregunta, **Pregunta Oral para a súa resposta en Comisión:**

- Que medidas ten tomado e prevé tomar a Xunta de Galicia para apoiar a adaptación dos vehículos de taxi ás persoas con diversidade funcional?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2.017

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Fernández Prado na data 05/09/2017 19:25:18**

**Jaime Castiñeira Broz na data 05/09/2017 19:25:32**

**Marta Novoa Iglesias na data 05/09/2017 19:25:40**

**Gonzalo Trenor López na data 05/09/2017 19:25:54**

**Diego Calvo Pouso na data 05/09/2017 19:26:07**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 05/09/2017 19:26:16**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 05/09/2017 19:26:27**

**Antonio Mouriño Villar na data 05/09/2017 19:26:48**

## Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trenor López, Diego Calvo Pouso, Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna, Julia Rodríguez Barreira e Antonio Mouriño Villar, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

A Xunta de Galicia está a apostar por unha transformación integral do sistema de transporte por estrada que, ademais de garantir a prestación dun servizo público básico, permitirá mellorar a súa calidade e conseguir unha mellor cobertura territorial, especialmente no rural.

Este inxente e transcendente traballo estase a levar a cabo co obxectivo claro de que os cidadáns dispoñan dun transporte público competitivo, eficiente e útil, que responda ás súas demandas e necesidades de desprazamento, e garanta a igualdade de oportunidades a todos os cidadáns.

Esta transformación faise a través do Plan de Transporte Público de Galicia, que incide na modernización do transporte, na estabilidade laboral e, sobre todo, na mellora do servizo, principalmente no rural, multiplicando as liñas, paradas e frecuencias do transporte regular, coa posta en marcha do transporte escolar de uso compartido, onde a atención aos alumnos está blindada, xa que os alumnos son o prioritario.

Ademais da mellora, modernización e actualización do servizo de transporte por estradas, o Goberno Galego está a complementar esta actuación coa implementación dun Plan Renove para modernizar as principais estacións de autobuses da Comunidade Autónoma Galega e así garantir o mellor servizo posible ao cidadán, favorecendo igualmente a intermodalidade con outros modos de transporte.

De cara a avaliar o dito Plan Renove de estacións de autobuses, os deputados arriba asinantes formulan a seguinte **Pregunta Oral para a súa resposta en Comisión:**

*-Que avances se teñen producido no marco do Plan Renove das estacións de autobuses de cara a remodelalas e garantir un mellor servizo ao cidadán ?*

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Fernández Prado na data 05/09/2017 19:28:02**

**Jaime Castiñeira Broz na data 05/09/2017 19:28:23**

**Marta Novoa Iglesias na data 05/09/2017 19:28:35**

**Gonzalo Trenor López na data 05/09/2017 19:28:51**

**Diego Calvo Pouso na data 05/09/2017 19:29:04**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 05/09/2017 19:29:19**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 05/09/2017 19:29:29**

**Antonio Mouriño Villar na data 05/09/2017 19:29:56**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O pasado xoves 15 de xuño, o Xerente do SERGAS afirmou nunha resposta parlamentaria que o Centro de Alta Resolución (CAR) de Lalín non era unha actuación prioritaria e que non había previsión para a construción deste equipamento sanitario malia que fora obxecto dun convenio en 2011 e dun protocolo de colaboración en 2015. O máximo responsábel do SERGAS mesmo chegou a dicir que os avances da teleasistencia facían innecesaria a construción do CAR.

Estas manifestacións en sede parlamentaria resultan contraditorias con outros anuncios e previsións da consellaría de Sanidade, que facían referencia a redacción dun estudo de viabilidade do CAR, así como a implantación de novos servizos como Hemodiálise e Hospitalización a domicilio e melloras no servizo de pediatría.

Ante a evidencia do incumprimento por parte da Consellaría de Sanidade dos compromisos adquiridos coa zona sanitaria de Lalín, desde o BNG recibimos





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/09/2017 10:10**  
**Nº Rexistro: 15516**  
Data envío: 06/09/2017 10:10:54.183

con certa incredulidade o papel asumido polo portavoz do grupo popular no concello de Lalín, que nesta fin de semana actuou como voceiro da consellaría. Non sabemos se houbo algún nomeamento ou delegación de funcións neste sentido, mais a realidade é que o sr Crespo o que intentou facer foi amainar a indignación provocada polo anuncio do xerente do SERGAS a pasada semana. O que pon en evidencia que a utilidade do labor parlamentario e social de denuncia pública dos incumprimentos por parte da Consellaría.

A realidade é que até agora a única institución que cumpriu os acordos foi o concello de Lalín, mentres que o SERGAS e a consellaría de Sanidade o único que fixeron até o momento foi poñer excusas e adiar os compromisos. E se o goberno galego quere rectificar esta actitude de desleixo e desprezo co concello e o pobo de Lalín o que ten que facer, en primeiro lugar, é responder con claridade en sede parlamentaria e, en segundo termo, poñer nos orzamentos as partidas necesarias para mellorar os equipamentos e a asistencia sanitaria da zona de Lalín.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Que investimentos prevé realizar o goberno galego nos terreos do Alto de Vales para mellorar os equipamentos sanitarios de Lalín e en que prazos?

-Que características e usos vai ter ese novo equipamento, en caso de que estea prevista a súa construción?



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Que melloras ten previsto poñer en marcha a consellaría de Sanidade na zona de Lalín?

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2017

**Asdo.: Luis Bará Torres**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 06/09/2017 10:10:00**

**María Montserrat Prado Cores na data 06/09/2017 10:10:06**

**Ana Pontón Mondelo na data 06/09/2017 10:10:07**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 06/09/2017 10:10:09**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/09/2017 10:10**  
**Nº Rexistro: 15516**  
Data envío: 06/09/2017 10:10:54.183

**Olalla Rodil Fernández na data 06/09/2017 10:10:10**

**Noa Presas Bergantiños na data 06/09/2017 10:10:12**

## Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A situación da atención á discapacidade e á dependencia en Galicia están a sufrir un gran deterioro derivado das políticas de retallos e desatención da Xunta de Galicia, ademais das insufribles listas de espera, do limbo da dependencia, este ámbito é mostra tamén das disfuncións territoriais e da marxinação que sofre a provincia de Ourense.

A Plataforma PROCAPOURENSE (Centro de Atención a Persoas con Diversidade Funcional), composta polos pais e polas nais de nenos e nenas con discapacidade, ANPA do CEE Miño, e unha amplísima representación de organizacións políticas, sindicais, e sociais da provincia de Ourense, leva tempo poñendo en evidencia unha destas discriminacións, evidenciando a falla de infraestruturas públicas non concertadas na provincia que permitan a continuidade na atención das persoas con discapacidade a partir dos 21 anos atendidas nese centro ou en calquera outro da provincia.

Ourense é a única provincia que non dispón dun espazo destas características, xa que en Lugo hai un centro en Sarria con 120 prazas, Pontevedra dispón dun en Redondela co mesmo número de prazas, e a provincia da Coruña tamén conta cun centro público para que estas persoas poidan continuar coa súa formación e mellora da saúde. Que Ourense non dispoña dun centro destas características supón auténticos dramas familiares ao ter que separar centos de quilómetros ás nais e pais dos seus fillos e fillas, e vulnera o dereito a decidir das familias, polo que cómpre dar unha solución áxil e axeitada a esta situación tal como demanda a dita Plataforma cidadá.

Ás portas do comezo da campaña electoral das eleccións autonómicas celebradas o 25 de setembro do 2016, a Xunta de Galicia anunciaba o seu compromiso para poñer un marcha un centro público en Ourense para a continuidade na atención das persoas con discapacidade a partir dos 21 anos, sen facer ningún tipo de concreción a respecto de cando se construírá, o número de prazas do que disporá, e se os servizos que se presten nel serán todos de titularidade pública.

## Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Tralas protestas, non soamente das nais e pais e de toda esta plataforma cidadá senón tamén de milleiros de ourensáns e ourensás que saíron ás rúas para reclamar á Xunta de Galicia que cumprise os seus compromisos, a Consellería de Política Social mudaba a súa posible radicación. Dende o Goberno galego anunciábase que o Centro de Atención a Persoas con Discapacidade maiores de 21 anos, CAPD de Ourense, se construíría nun solar de 4600 m<sup>2</sup> cedido polo Concello de Ourense e radicado no barrio de Barrocás.

Pasados máis de catro meses dende este anuncio, e ante a falla de novas ao respecto, dende o Grupo Socialista amosamos a nosa preocupación polos graves prexuízos que o atraso desta obra podería causar ás familias que levan anos esperando a que o Goberno galego cubra o déficit que supón para a provincia de Ourense o ser a única das catro galegas que non dispón dun centro destas características.

Ante esta situación a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) En que fase se atopa a construción do centro radicado en Ourense, para persoas con discapacidade maiores de 21 anos?

2ª) Cedeu o Concello de Ourense á Xunta de Galicia a parcela de titularidade municipal na que está previsto construír este centro, se for o caso, en que data se levou a cabo a dita cesión?

3ª) En que data ten previsto a Xunta de Galicia sacar a concurso a redacción do proxecto desta infraestrutura?

4ª) Cando ten previsto a Xunta de Galicia que finalice a redacción do proxecto?

5ª) En que data ten previsto o Goberno galego licitar a construción deste centro?

6ª) Cando estima o Goberno galego que poderá estar en funcionamento esta infraestrutura?



---

**Grupo Parlamentario**

Pazo do Parlamento, 6 de setembro de 2017

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 06/09/2017 11:40:16**

**Julio Torrado Quintela na data 06/09/2017 11:40:24**

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

En Lourizán, a planta depuradora supramunicipal dos Praceres está xestionada directamente por Augas de Galicia. Esta EDAR encárgase do tratamento das augas residuais urbanas da capital da provincia de Pontevedra, pero tamén de Marín e parte dos municipios de Poio, Sanxenxo e Vilaboa. Como consecuencia, a ría de Pontevedra vén soportando un tratamento de augas residuais excesivo, ademais de padecer unha deficiente depuración ao non estar rematadas as redes de colectores nin as estacións de tratamento previstas. Tanto é así que, dende finais de 2014, unha parte moi importante dos bancos marisqueiros adscritos ao pósito de Raxó xa foran declarados zona C.

En xullo de 2016, o director de Augas de Galicia reunírase con concelleiros de Poio e co entón alcalde de Sanxenxo para reafirmar o seu compromiso coa construción da futura depuradora de Poio. De novo, unha mágoa de reunión, posto que só servira para “botar as culpas” ao Concello de Poio, pedíndolle celeridade na decisión do emprazamento; iso si, nada se dixera da negativa do Concello de Sanxenxo para acoller esta instalación no seu terreo.

Polo visto, existen tres radicacións viables técnica e economicamente, unha no termo municipal de Sanxenxo e dúas no de Poio, que, dicía hai un ano o director de Augas de Galicia, terá que elixir unha coa máxima celeridade posible. Estamos xa en setembro de 2017 e seguimos á espera da EDAR de Poio e do saneamento da ría de Pontevedra.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten realmente o Goberno da Xunta de Galicia compromiso coa construción da futura depuradora no concello de Poio, na provincia de Pontevedra?



---

**Grupo Parlamentario**

2ª) Cales son as tres radicacións viables técnica e economicamente?

3ª) Onde se atopan estas dúas radicacións no concello de Poio?

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

4ª) Onde se atopa a outra radicación no concello de Sanxenxo?

5ª) Que di o novo alcalde de Sanxenxo sobre a posible radicación da EDAR no seu termo municipal?

6ª) Para cando a EDAR de Poio e o saneamento da ría de Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 6 de setembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 06/09/2017 12:35:50**

**Raúl Fernández Fernández na data 06/09/2017 12:35:57**

**María Luisa Pierres López na data 06/09/2017 12:36:07**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>**

Son numerosas as denuncias dos profesionais do Centro de Saúde da Laracha en relación á situación que viven na atención as persoas que se atopan no Fogar Residencial “Avós Felices”, de carácter privado e con ánimo de lucro.

Este Fogar Residencial, demanda de forma continuada coidados e asistencia sanitaria tanto de forma programada, a demanda, como de forma urxente, que é atendida de xeito exclusivo polo persoal sanitario do SERGAS que traballa no Centro de Saúde de Laracha. Esta asistencia sanitaria é esixida sempre a nivel domiciliario independentemente da situación do usuario do centro. Entre as demandas sanitarias das que se ten que ocupar o persoal, atópanse tarefas como a realización do control de INR, extracción de sangue para análise e recolleita de mostras de ouriños, realización de cambios de sondaxe vesical permanente, realización de curas de úlceras e feridas, colocación de vías intravenosas e administración de medicación endovenosa, campañas de vacinación antigripal...

Segundo consta no Rexistro único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, o Fogar Residencial conta cunha ATS/DUE contratada por 30h/mes. Sen embargo, non se están asumindo ningunha das tarefas de enfermería mencionadas xa que, segundo manifestou o director deste fogar residencial, a lei non lle impón a obriga de facelo.

Ademais do continuo abuso do sistema público de saúde por parte da dirección deste Fogar, estanse a producir unha serie de situación que constitúe unha mala

praxe asistencial, que vai dende a falta de prevención e coidados de úlceras por presión, a prevención de caídas e o manexo de pacientes portadores de enfermidades contaxiosas. Estas situación foron postas en coñecemento, tanto do Servizo de Inspección de Maiores, Discapacidade e Dependencia como ao Servizo de Inspección Sanitaria, que segundo información recibida polos profesionais na contestación do Servizo de Inspección de menores, non se atopaban incidencias rexistradas, o que resulta totalmente contraditorio tendo en conta a información clínica rexistrada no IANUS do SERGAS, tanto por parte do Centro de Saúde como por parte do CHUAC.

No debate do mes pasado en Comisión, o Director Xeral do SERGAS informou dunha resolución sancionadora imposta a este fogar, así como a revogación parcial da oferta asistencia do Centro.

Con todo, a día de hoxe, as e os profesionais sanitarios do Centro de Saúde de Laracha informan de que o edificio está listo para funcionar en breve e de feito, tiveron xa xuntanza para repartir os novos 19 usuarios que entrarán no mesmo.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- **Cómo é posible que podan abrir un novo edificio ampliando as prazas a pesar de ter imposta unha resolución sancionadora e revogado parcialmente a oferta asistencial?**
- **Que informes ten a Consellería de Sanidade en relación á problemática do Fogar?**
- **Que informes ten a Consellería de Política Social en relación á problemática do Fogar?**
- **Que comunicacións existen entre a dirección do SERGAS e o a dirección xeral de maiores en relación a este Fogar?**



- **Teñen constancia tanto na Consellería de sanidade como na Consellería de política social deste tipo de problemas en outros centros?**
- **Valora a Consellería de política social levar a cabo unha nova regulación da lexislación que esixa a todos os centros privados independentemente das prazas que oferten a necesidade de contar con persoal sanitario propio?**

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2017

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 05/09/2017 18:30:26**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>**, en relación as condicións laborais do persoal dos centros dependentes da Consellería de Política Social.

As denuncias sobre saturación, sobreesforzo, estrés e falta de descanso do persoal dependente da consellería de política social que traballa nos centros de atención directa, tales como as residencias de maiores ou os Centros de Atención a Persoas Dependentes, están aumentando de xeito alarmante.

A Consellería de Política Social concentra un dos índices mais elevados de accidentes laborais, sendo a metade destes, por motivos que teñen que ver cunha sobrecarga de traballo pola falta de persoal. As ratios oficiais non teñen en conta as peculiaridades na atención que presenta as persoas residentes destes centros, polo que non se axuntan ao persoal necesario nos mesmos.

En residencias grandes, como pode ser por exemplo a de Oleiros, nas quendas de noite unicamente contan en cada unidade cunha auxiliar e unha enfermeira para atender aos 44 pacientes da unidade, os cales atópanse nunha ampla maioría, cun grado elevado de dependencia. Durante o día, a situación tampouco mellora pasando a ser 5 as auxiliares de enfermería que de 8 a 10 da mañá deben asear, vestir e dar de comer á maioría das persoas residentes da súa unidade.

Neste sentido, tamén chama a atención a falta de persoal en fisioterapia ou terapia ocupacional, profesionais moi necesarias que non só mellorarían a calidade de vida das persoas usuarias dos centros si non que tamén facilitarían o traballo do resto das profesionais.



A Xunta, leva varios anos anunciando a convocatoria de Ofertas de Emprego Público das que solo foi realizada algunha para persoal funcionario e ningunha para persoal laboral.

Todas estas circunstancias, deben unirse co aumento da demanda de persoas que necesitan da asistencia neses centros, os cales contan cunha ocupación do 100% e importantes listas de espera.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte PREGUNTA PARA A SÚA RESPOSTA ORAL EN COMISIÓN:

- Que valoración fai a Consellería de Política Social no aumento das denuncias sobre saturación, sobreesforzo, estrés e falta de descanso do persoal que traballa nos centros de atención directa da Consellería?
- Ten pensado a Consellería negociar as carteleiras rectificando a práctica de impor quendas abusivas e sen negociación como foi recoñecido en sentenzas xudiciais sobre carteleiras de anos anteriores?
- Comprométese a Consellería a cubrir todas as baixas médicas e vacacións para evitar a falla de persoal e a sobrecarga de traballo nos centros?
- Ten pensado a Consellería de Política Social a convocatoria das Ofertas de Emprego Público?
- Ten pensado a Consellería executar os procesos pendentes de consolidación?
- Vai a Consellería atender a demanda que existen en relación á creación de centros públicos?

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.



**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 06/09/2017 13:57:50**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A Asociación de afectados por intervencións de cirurxía refractiva (ASACIR), fai tempo que ven denunciando as secuelas de ditas operación xunto coa publicidade enganosa que se fai da mesma, ofrecendo obxectivos que non se poden garantir e trivializando con este tipo de operacións, sen informar claramente dos riscos máis habituais.

A necesidade dunha publicidade clara xunto cunha información adecuada é algo esencial que vai máis alá do cumprimento da lexislación vixente, xa que moitos dos riscos que teñen lugar despois da operación, en algúns casos, supoñen para os doentes un empeoramento moi agudo nas súas condicións de vida.

Dentro deses riscos atopamos algúns como: O síndrome do ollo seco, síntomas visuais como halos, reflexos, visión dobre ou perda de visión así como a necesidade de seguir utilizando lentes pese ao que se anuncia.

En relación á publicidade que as clínicas ofrecen para as operacións de cirurxía refractiva, dende ASACIR foron presentadas reclamacións no *Instituto Galego de Consumo*, na *Agencia Catalana de Consum* e na *Agencia Española de Consumo, Seguridad Alimentaria y Nutrición*, tanto de xeito individualizado por membros da asociación como pola asociación como persona xurídica, contra 27 clínicas por vulneración da normativa estatal e autonómica sobre publicidade sanitaria.



Todas as denuncias acompañadas de documentación tanto en soporte escrito como audiovisual sobre a publicidade denunciada. Pero con todo, o único organismo de consumo que levou a cabo sancións foi a *Agencia Catalana de Cosum*.

Actualmente, moitas das persoas afectadas por estas prácticas están á espera de resposta de organismos como o Instituto Galego de Consumo.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Que información ten a Xunta de Galicia sobre as denuncias presentadas na Comunidade Autónoma en relación ás secuelas da cirurxía refractiva?
- E en relación á publicidade enganosa da mesma?
- Ten coñecemento a Xunta de Galicia do número de intervencións que se levan a cabo?
- Sabe a Xunta de Galicia cales son as follas de información que se lle da aos pacientes?

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**





**Eva Solla Fernández na data 06/09/2017 13:58:45**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>**

Diferentes colectivos de traballadores e asociacións profesionais do ámbito das emerxencias en Galicia, están a denunciar as graves carencias na xestión e organización diaria das emerxencias. Denuncian, a falta de actualización do mapa dos servizos de intervención, a arbitrariedade na cobertura xeográfica dos recursos, a existencia dun desequilibrio territorial na protección da cidadanía nas emerxencias, así como a falta de verdadeiros criterios técnicos na mobilización de medios. Todas estas carencias, provocan unha improvisación constante que aumenta as posibilidades de actuacións negligentes.

Algunhas destas demandas, xa foron trasladadas con AGE na anterior lexislatura e con En Marea nesta, contando como ben sendo habitual, co voto en contra do Partido Popular, como sucedeu cos recursos existentes do 061.

Pero a situación agrávase aínda máis, tendo en conta a insistencia da Xunta de Galicia no traslado do servizo de emerxencias do 112 ás novas instalación da Estrada. Traslado que se fixo efectivo ás costas do persoal, en canto a negociación das súas condicións laborais, e pese os avisos do comité de empresa sobre os continuos fallos no funcionamento da plataforma informática.

Por desgraza, todos estes fallos, víronse confirmados nestes días con terribles sucesos como os incendios ou o afundimento do pesqueiro *Nuevo Marcos*, no que segundo transmitiron de xeito conxunto a Asamblea de Traballadoras e Traballadores do 112-Galiza, a Asociación Galega de Técnicos en Emerxencias



Sanitarias, a Asociación de Técnicos de Emerxencias Sanitarias e Xestores de Emerxencias de Galicia, a Mesa Intersindical de Bombeiros e a Plataforma de Bombeiros Públicos de Galicia, no caso do barco, todos coinciden en sinalar que a falta dun mapa actualizado de recursos para mobilizar, así como o colapso da plataforma que o 112 ven denunciando, supuxo que á hora de mobilizar o recurso esencial ( o helicóptero de rescate Pesca-I), a plataforma bloqueou a chamada de alerta retrasando arredor de dez minutos a saída.

Estas denuncias, unidas ao que ten acontecido, supoñen feitos moi graves que poñen en risco un servizo esencial como é o das emerxencias, cunha privatización sistemática dos seus medios que supoñen a precarización das condicións laborais das traballadoras e traballadores así como dos propios servizos de emerxencias.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:**

- 1.- Pensa a Xunta de Galicia seguir de costas coas traballadoras e traballadores ante o traslado?
- 2.- Vai a tomar algunha medida a Xunta de Galicia en relación aos fallos que amosa a nova Plataforma?
- 3.- Que tipo de actuacións vai a levar a cabo a Xunta de Galicia para solucionar as deficiencias denunciadas?
- 4.- Que previsións ten a Xunta de Galicia para o conxunto dos servizos de emerxencias en Galicia?
- 5.- Pensa a Xunta de Galicia reverter as privatizacións de ditos servizos apostando por unha xestión directa dos mesmos?

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2017.



Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 06/09/2017 13:57:17**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández e Paula Quinteiro Araujo**, deputadas do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A empresa Ferrovial, acaba de renovar coa Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol, o contrato do servizo de limpeza dos centros hospitalarios de dita xerencia.

O importe adxudicado en febreiro deste ano, aumenta 1 millón de euros respecto á anterior adxudicación. Con todo, as traballadoras e traballadores da empresa manifestáronse fai uns meses denunciando os recortes de persoal e material así como a precarización do servizo.

Ademais, denuncian a complicidade dos Servizos Xerais da Xestión Integrada na modificación tanto nos pregos como no “Plan de xestión de residuos sanitarios” en beneficio do recorte de persoal que levou a cabo a empresa.

No relativo á aplicación do “Plan de xestión de residuos sanitarios”, a Inspección de Traballo constatou os incumprimentos do plan en relación á xestión e eliminación de residuos sanitarios (clase II, III, IV) nos domingos e festivos, xa que a normativa estipulaba un tempo máximo de 12 horas o que os residuos podían permanecer na área de produción. Incumprimento que ven motivado polos recortes de persoal da empresa.

A Inspección de Traballo requiriu á Xerencia, ao ser esta a titular do Complexo Hospitalario, a que adoptase as medidas necesarias para o cumprimento da normativa, medidas que segundo información da Inspección de Traballo concretáronse na modificación, por parte da Xerencia, do “Plan de xestión de



residuos” aumentando as horas de permanencia do residuos de 12 a 20 horas e polo tanto, facilitando o recorte de persoal da empresa adxudicataria.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Considera a Xunta de Galicia que é correcto o proceder da Xerencia na xestión de dito servizo?
- Tivo coñecemento a Xunta de Galicia das actuacións por parte da Inspección de traballo?
- Que propostas ten a Xunta de Galicia para asegurar a calidade do servizo e os dereitos do persoal?
- Ten pensado a xunta de Galicia asumir a xestión directa do servizo para evitar a precarización do mesmo?

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Paula Quinteiro Araújo

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 06/09/2017 13:53:05**

**Paula Quinteiro Araújo na data 06/09/2017 13:53:12**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández e Paula Vázquez Verao**, deputadas do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, **presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>.**

A praxis xudicial no Estado Español en materia de protección de vítimas de violencia de xénero e protección de menores de idade, está sendo investigada pola Comisións de Peticións da Unión Europea en canto a transposición das Directivas 2011/92/UE e a Directiva 2012/29/UE de loita contra os abusos sexuais dos menores e sobre os dereitos das vítimas respectivamente.

A Comisión de peticións observa unha suposta aplicación xeneralizada do síndrome de alienación parental, falta de asistencia psicolóxica aos menores vítimas sen o consentimento de ambos proxenitores, así como retrasos na toma de declaración das vítimas.

Ademais das observacións da Comisión, diferentes colectivos e asociación denuncian a falta de recursos materiais e humanos así como a ausencia de datos estatísticos sobre vítimas menores de idade.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Cantas salas especializadas para entrevista forense con menores de idade existen en Galicia?



- Cantas salas equipadas (Cámara Gessel ou equipos electrónicos) para a realización da testifical con xuíz, fiscal, partes e peritos, con protección para o neno ou a nena testemuña ou vítima?
- Cantas avaliacións de testemuña infantil realizou o IMELGA dende 2015?
- Cantas foron por abuso sexual no ámbito familiar?
- En cantas existía un procedemento civil paralelo sobre réximes de custodia e/ou visitas?
- En cantas a testemuña foi considerada válida?
- Das que non foron consideradas válidas, cantas se consideraron influenciadas por terceiras persoas e que porcentaxe das consideradas influenciadas por terceiras persoas en que porcentaxe se considerou influencia materna ou da familia materna?
- Canto tempo de media hai entre a presentación da denuncia ou notificación e a recollida da testemuña infantil?

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Paula Vázquez Verao

Deputadas do G.P. de En Marea.



**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 06/09/2017 13:59:39**

**Paula Vázquez Verao na data 06/09/2017 13:59:44**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>**

As listas de espera no SERGAS supoñen un grave problema na sanidade pública galega, sendo das máis elevadas do Estado.

Fai pouco que nos facíamos eco das denuncias de pacientes oncolóxicos en relación ás esperas para realizar un TAC e para que se lles informe do resultado do mesmo. Unha situación que reviste unha especial gravidade posto que os TACs, son probas determinantes e supoñen unha peza clave para saber a situación ou avance do cancro así como para o cambio na quimio ou radioterapia.

O problema, non é só a espera para facer o TAC, si non tamén, o tempo no que se tarda en informar sobre o mesmo, xa que a falta de persoal de radioloxía ten como consecuencia que aínda que baixen as listas de espera para facer o TAC, as oncólogas e oncólogos non poden informar aos seus pacientes sobre a situación do cancro ou a terapia que deben seguir ao non ter o informe de radioloxía.

A zona máis afectada por esta espera é Ourense, pero actualmente estase a incrementar o número de días para o informe do TAC no Hospital Clínico de Santiago, segundo nos teñen denunciando pacientes afectados por esta espera.

Por todo o anterior, o Grupo de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:



- Que valoración fai a Consellería de Sanidade sobre as listas de espera?
- E sobre as listas de espera para informar dos TACs?
- Ten elaborado algún informe tendo en conta as reclamacións das usuarias e usuarios en relación á espera para os informes dos TACs?
- Ten pensado a Consellería de Sanidade contratar a máis persoal, tanto para facer os TACs como para informar dos mesmos?

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 06/09/2017 13:56:28**

---

 Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

---

 Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

María Dolores Toja Suárez, Noela Blanco Rodriguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

En relación coa resposta á pregunta con número de Rexistro 4142, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre “a posta en marcha por parte do Goberno galego do centro de día do concello de Corcubión”, indican que “... na Costa da Morte existen actualmente dous centros de día dependentes do Consorcio, nas localidades de Muros e de Cabana de Bergantiños”.

Neste sentido, é necesario indicar que a distancia entre Corcubión e Cabana de Bergantiños é aproximadamente de 50 km, e o tempo de desprazamento estaría entre 50 minutos e unha hora e dez minutos. Pola súa banda, a distancia entre Corcubión e Muros, é aproximadamente de 44 km, e o tempo necesario para desprazarse sería entre unha hora e cinco e unha hora e cuarto. Tempos de ida, aos que hai que sumar os tempos de volta, todo isto, recordando que os usuarios do centro de día son persoas maiores e dependentes.

Cabe destacar que Corcubión conta cun edificio rehabilitado para o seu uso como centro de día, no que se investiron en torno a 350.000 euros, cunha capacidade para 25 persoas aproximadamente. A súa radicación é inmejorable atopándose no centro da localidade contando cunha correctísima accesibilidade e proximidade ao centro de saúde da vila; así como ao hospital de Cee a tan só 1,5 km. Este centro non está en funcionamento debido á falta de recursos económicos do concello e cabe salientar que sería o único centro de día da zona sur da comarca da Costa da Morte e xunto co de Muros os únicos de toda a comarca.

Polo tanto, a criterio, non só do deputado e das deputadas que asinan esta iniciativa, senón tamén dos veciños e veciñas da comarca da Costa da Morte, carece de toda lóxica e resulta indignante a resposta dada polo Goberno galego á pregunta formulada.

**Grupo Parlamentario**

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que opinión lle merece ao Goberno galego que o feito de non poñer en funcionamento o centro de día de Corcubión obriga aos maiores dependentes a un desprazamento duns 100 km diarios que supoñen unhas dúas horas mínimas?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

2ª) Valorou o Goberno galego na súa resposta a idade dos usuarios e usuarias dos centros de día, así como as necesidades derivadas por tratarse de persoas dependentes?

3ª) Que opinión lle merece ao Goberno galego que o centro de día de Corcubión, posto a disposición polo Concello e construído con cartos públicos, non se poña en funcionamento?

Pazo do Parlamento, 6 de setembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 06/09/2017 17:24:41**

**Noela Blanco Rodríguez na data 06/09/2017 17:24:55**

**Julio Torrado Quintela na data 06/09/2017 17:25:05**

**Manuel Lago Peñas**, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa reposta oral na Comisión 3.<sup>a</sup>**.

O Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas (MINHAP) publica unha serie mensual coa evolución das operacións non financeiras das comunidades autónomas que permite coñecer a marcha dos ingresos e os gastos, así como o déficit, de forma precisa e con pouco retraso temporal.

Para o exercicio actual a información dispoñible chega ata o mes de maio e da comparación dos datos acadados de xaneiro a maio tíranse importantes conclusións.

Segundo os datos oficiais do Ministro, as necesidades de financiación –isto é, o déficit público- de Galicia é nos cinco primeiros meses do ano do 0,2% do PIB, isto é, uns 120 millóns de euros. No mesmo período, en 2015, o déficit foi do 04,% do PIB e do 0,3% en 2016.

Unha lectura simple deste dato podería levar á conclusión de que as contas públicas galegas seguen unha senda virtuosa de control do déficit. Pero non é así, porque unha análise algo máis detallada demostra que a senda de consolidación fiscal é a de prolongar a austeridade e os recortes; porque se basea en seguir reducindo o gasto público.

Os datos oficiais do MINHAP reflicten que de xaneiro a maio de 2017 os ingresos da Xunta de Galicia caeron en termos de PIB: en 2015 equivalían ao 6% do PIB, baixaron ao 5,9 en 2016 e agora en 2017 caen ata o 5,6%. Pode parecer que unha caída de 4 décimas do PIB é pouco, pero expresado en valores



absolutos son case 250 millóns de euros ata maio que, de seguir a mesma progresión que o ano pasado, sumarían 700 millóns de euros ao finalizar 2017.

Como é posible que se reduza o déficit público se caen os ingresos? Pois recortando os gastos máis do que caen os ingresos.

Nos cinco primeiros meses de 2015 a Xunta gastou unha cifra equivalente ao 6,4% do PIB, en 2016 baixou ao 6,2% e agora en 2017 sitúase no 5,8%: unha redución de 6 décimas, equivalente a 360 millóns de euros que, coa progresión do ano pasado, serán máis de 900 millóns de euros de menor gasto ao final do exercicio.

Esta é a realidade: a redución do déficit non se fai pola vía positiva de incrementar os ingresos senón pola vía negativa de seguir reducindo o gasto público, isto é, deteriorando a calidade dos servizos públicos, deteriorando os sistemas de protección social e recortando o investimento público.

O resultado é seguir reducindo o peso do público na economía porque se reducen os ingresos e se recortan os gastos, unha senda de desmantelamento progresivo do estado social en beneficio dos intereses privados e dos sectores privilexiados da sociedade: lévanse adiante reformas fiscais en beneficio das rentas máis altas e devalúanse os servizos públicos abrindo novas áreas de negocio ás empresas privadas.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.<sup>a</sup>) Recoñece a Xunta de Galicia que esta é a súa estratexia de consolidación fiscal?
- 2.<sup>a</sup>) Vai continuar no futuro nesta senda de redución progresiva do gasto público deteriorando os servizos públicos, a potenciación social e a capitalización do país?





3.<sup>a</sup>) Non considera a Xunta de Galicia sequera a posibilidade de avanzar na consolidación fiscal a través do incremento dos ingresos e non da redución do gasto?

4.<sup>a</sup>) A Xunta de Galicia considera que a austeridade e os recortes son a súa estratexia orzamentaria para os próximos anos?

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 06/09/2017 17:52:36**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araújo, Marcos Cal Ogando e Paula Vázquez Verao**, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>**

O 23 de marzo aprobouse en Comisión unha iniciativa para que o Goberno galego realizase accións formativas específicas en materia de atención especializada a menores expostos á violencia de xénero.

